

A PROSA E O TEATRO MEDIEVAIS

A prosa medieval: condicionantes históricos




A prosa literaria medieval galega é máis escasa, máis tardía e menos orixinal ca a lírica. Os primeiros textos literarios en prosa son de finais do século XIII e comezos do XIV, e foron escritos nas cortes reais ou nas dos grandes señores. O galego na Idade Media era unha lingua utilizada por todas as clases sociais, ademais de ser a lingua que empregaban os poetas dos reinos cristiáns do Occidente peninsular para compoñer os seus versos. A aparente escaseza da prosa literaria débese a unha serie de condicionantes históricos:

- Na época de formación e de consolidación das linguas romances, o latín era a lingua de cultura, na que se escribían os documentos e os textos literarios.
- A partir do século XIII, os reis de Castela e Portugal ordenaron que os seus escribáns redactasen os documentos en romance (o castelán e o portugués) en vez do latín, como viñan facendo ata daquela. A ausencia dunha corte rexia en Galiza –e a paulatina dependencia do reino de Castela– explicaría en boa medida o escaso desenvolvemento das manifestación en prosa no noso territorio. O castelán asumiu as funcións do ámbito político e lexislativo, que, por razón de orixe, lle terían que corresponder á lingua propia do territorio (o galego)
- A inexistencia de independencia política condicionou o desenvolvemento da lingua como ferramenta de difusión cultural e política, e coutou a produción de textos literarios en prosa.



- Á falta de condicións idóneas para a consolidación do galego como lingua da Corte e de cultura, hai que engadir a desaparición de textos por diferentes causas, entre elas as revoltas medievais, as loitas entre a nobreza e os estamentos eclesiásticos, o abandono e a falta de sensibilidade cultural.
- Finalmente, a chegada da imprenta a finais do século XV permitiu unha maior e máis fácil difusión



dos textos, polo que moitos libros medievais escritos en pergameo foron destruídos ou utilizados para **Períodos**

Para empezar hai que sinalar que os primeiras textos en prosa escritos en galego-portugués non son de carácter literario. Trátase de prosa tabeliónica. É dicir, son textos de carácter notarial, como a *Noticia de Torto* ou o *Testamento de Afonso II* ambos datados en territorio portugués arredor de 1214. O uso do galego-portugués facíase necesario neste tipo de documentos por meras razóns prácticas, isto é, para facilitar a súa comprensión, pois o latín nesa altura xa non era unha lingua accesible para a maioría da poboación. O uso do romance neste tipo de textos, irase estendendo así a partir do século XIII, consolidándose finalmente no noso territorio como lingua escrita en todo tipo de documentos, tanto públicos como privados, ata que a finais do s. XV o castelán empeza a substituír o galego por causas políticas. Pero como sabemos o uso escrito do galego non se reduce a textos de carácter pragmático. Ao lado de testamentos, documentos de compra-venda, doazóns, etc, van

aparecer textos historiográficos, xurídicos, didácticos e relixiosos de grande interese, moitos deles traducións ao galego doutras linguas. E ao mesmo tempo o galego tamén vai acceder á categoría de lingua literaria na prosa, sobre todo a través de traducións de obras estranxeiras que se converteron en Best Sellers da época en Europa. Estámonos referindo aos libros de cabalerías, tan do gusto medieval.

Temos que diferenciar dous períodos:

1. En primeiro lugar, podemos falar dunha prosa galego-portuguesa, que abranguería desde as primeiras manifestación que teñen lugar a comezos do s. XIII ata finais do século XIV, aproximadamente ata 1385 cando se produce a batalla de Aljubarrota na que Portugal consolida a súa independencia fronte a Castela. Este período coincide basicamente co desenvolvemento da lírica trobadoresca, cuxa decadencia se inicia coa morte de don Dinís en 1325 e definitivamente coa do seu fillo o Conde de Barcelos, en 1354.

Igual que na lírica, nesta etapa podemos falar de unidade entre a prosa escrita en Galiza e en Portugal, pois son a expresión dunha mesma manifestación cultural que ten a lingua como nexo de unión, a pesar das diferenzas dialectais e ortográficas que presentan os textos galegos e os portugueses. Neste período inclúense os libros de liñaxes, as novelas que compoñen o ciclo artúrico (*Livro de José de Arimatea*, *Merlín* e *a Demanda do santo Graal*) xunto co *Livro de Tristán*, e outras obras de menor significado literario



Batalla de Aljubarrota

2. Por outro lado, a partir do momento en que Portugal se consolida como reino independente (batalla de Aljubarrota) e desenvolve un proxecto nacional onde a prosa historiográfica xoga un papel importante, xa podemos diferenciar a prosa feita en Galiza da feita ao outro lado do río Miño. Polo tanto, a partir do s. XV só se inclúe dentro da prosa galega a que se produciu en Galicia. Pertencen a este período os *Milagres de Santiago*, ou a *Crónica de Santa María de Iria* entre outras. Ademais tamén se poderían considerar como prosa especificamente galega a *Crónica Troiana* e a *Historia Troiana* que integran o Ciclo clásico a pesar de estar datadas a mediados do XIV, dado que teñen unha orixe claramente galega (Betanzos ou Pontedeume).



Betanzos

A prosa literaria


Os textos que máis abundan son traducións dos séculos XIV e XV. Desde unha perspectiva actual, pode ser discutible a inclusión destas obras traducidas entre as pertencentes á literatura galega, que, en sentido estrito, só debería estudar obras escritas en galego. Pero hai que ter en conta que, na Idade Media, o concepto de «orixinalidade» era diferente do que existe hoxe. Por iso englobamos no patrimonio da literatura galega eses textos medievais traducidos, que recrean temas e personaxes do fondo común da cultura europea.


A prosa literaria medieval galega xira arredor de tres grandes ciclos: o **ciclo bretón**, o **ciclo da guerra de Troia**, e o **ciclo relixioso**.

O ciclo bretón

Coñécese tamén como *ciclo artúrico* ou *materia de Bretaña* por estaren situados os seus episodios e os seus personaxes na actual Bretaña francesa ou na Gran Bretaña. É o máis importante polo número de obras e pola súa influencia na literatura posterior. A orixe dos textos que conforman este ciclo parece remontarse a unha serie de lendas célticas, refundidas a partir do século XII con temas do amor cortés e con elementos do cristianismo.

Os textos conservados en galego xiran arredor de tres lendas: a do Graal, a do rei Artur e a de Tristán e Iseo.






- O Grial ou Graal é o núcleo de maior simbolismo. Relacionado na súa orixe co caldeiro máxico dos druídas celtas, aparece en todas as variantes como un recipiente enigmático que fornece de xeito milagroso de alimentos e bebidas aos comensais dun gran banquete; por iso será obxecto dunha incesante busca polos cabaleiros da Táboa Redonda. Nas sucesivas versións, este símbolo foise cristianizando e identificouse coa copa empregada por Xesucristo na Derradeira Cea.

As obras que recollen esta lenda son o *Libro de Xosé de Arimatea*, a *Demanda do Santo Grial* e o *Libro de Merlín*. O primeiro narra a orixe e o significado da copa sagrada e o seu traslado por Xosé de Arimatea, que recolleu o sangue das feridas de Xesús, desde Xerusalén a Bretaña; o segundo narra as aventuras dos cabaleiros da Táboa Redonda á procura do vaso sagrado. É un libro cargado de simbolismo relixioso con atención especial á exaltación da Eucaristía. O *Libro de Merlín* narra os encantamentos e as profecías do mago, nas que anuncia a chegada de novos tempos.

- A lenda de Artur, remoto caudillo bretón que combatera contra os anglosaxóns, foise agrandando ata convertelo nun rei magnánimo polo que espera o seu pobo para conquistar un futuro glorioso cando el regrese da illa de Avalón, onde está enterrado.

- A lenda de Tristán e Iseo refire os amores trágicos dos amantes máis famosos da Idade Media. O fragmento conservado do *Libro de Tristán* conta o comezo da historia, cando Iseo, desesperada pola ausencia do seu amante, recibe noticias de que está vivo. A historia de Tristán entrou cedo na tradición literaria galega, como se deduce da súa presenza nalgunhas cantigas.

- Tamén pertence ao ciclo bretón o *Amadís de Gaula*. Aínda que non se conserva ningún fragmento, hai indicios de que a versión castelá está feita a partir dun texto inicial escrito en galego.



Grande foi a ledice e o prazér que os cavaleiros da Távola Redonda houeron aquele dia, quando se viron todos juntos. E sabede que, despois que a Távola Redonda foi começada, que nunca todos assí foron reunidos; mas, aquele día, sen falla, aveio que foron i todos, mas despois nunca i er foron.

A demanda do Santo Graal

2.2 O ciclo da guerra de Troia



Pertencen a este ciclo os textos que recrean as lendas derivadas do asedio e destrución da cidade de Troia, e o destino dalgúns dos heroes que participaron nesta guerra. Estes relatos, que afondan as súas raíces na literatura grega e latina, gozaron de gran popularidade en Europa durante a Idade Media, sobre todo a partir da obra *Le Roman de Troie*, do escritor francés Benolt de Sainte-Maure. Dela fixéronse dúas traducións ao galego, a finais do século XIV: a *Crónica Troiana* e a *Historia Troiana*, esta última bilingüe en galego e castelán.

- A *Crónica Troiana* ofrece unha visión imaxinaria do mundo antigo, visto desde unha perspectiva medieval en que se funden elementos de orixe épica (descrición de armas e combates, eloxios dos heroes e as súas xestas...) con elementos do mundo cortesán (as donas contemplando desde o castelo as loitas dos cabaleiros), xunto con tópicos do amor cortés (tormentos, traizóns, amores desgraciados...).
- A *Historia Troiana* comparte coa anterior a mesma visión da antigüidade.

Como Achilles fez soterrar honradament o corpo de Patróculus

Despois que Achilles seus doo houbo acabado, fez soterrar o corpo de Patróculos a moi grande honra e a moi gran festa, segundo que estonce era acostumado, ca en aquel tempo quando habían de soterrar algún nobre home ou de gran guisa, fazían grandes festas e grandes alegrías e tangian moitos estormentos e jogaban e trebellaban e mostraban gran prazer. Don Achilles mandou fazer un moimento de márrol verde moi sotilmente laurado e tan ben juntado era que poucos homes poderían entender per u o juntaran, ou per u meteran alí o corpo de Patróculos. E ben deu en esto a entender que o amaba en súa vida quando el por el tanto fez de pois de súa morte.

2.3 O ciclo relixioso ou carolinxo

Os textos pertencentes a este ciclo tiñan unha finalidade divulgativa e didáctica. O máis representativo son os *Miragres de Santiago*, que é unha tradución do Liber *Santi Jacobi*, coñecido tamén como *Codex Calixtinus*. Ademais da vida e milagres do apóstolo Santiago, o libro trata outros temas, como a destrución de Xerusalén, a vida de Pilatos e outras historias piadosas. Outra parte importante é a referida á presenza de Carlo Magno na Península. É esta parte, denominada Pseudo-Turpín, (procedente tamén do Códex Calistinus) a que nos permite falar dun Ciclo carolínxeo na prosa galega de ficción. Neste relato, atribuído



Carlo Magno



falsamente a Turpín –arcebispo de Reims– cóntase como Carlo Magno librou a España dos mouros. Carlo Magno ve no ceo un camiño de estrelas que conduce a Santiago, entón aparéceselle o Apóstolo que o impele a entrar coas súas tropas na Península e libérala de infieis, restituíndo a fe entre os cristiáns. A *Chanson de Roland* e a épica carolinxa (de aí o nome de *carolinxo* que tamén recibe este ciclo) deberon ter unha ampla difusión en Galicia, como testemuñan as mostras que deixaron en cantigas de carácter satírico, na iconografía (miniaturas, chapiteis que representan a Rolán, etc), na onomástica medieval, e, incluso, no feito de que ata o século pasado se celebrasen en Santiago cabodanos por Carlomagno. A finalidade divulgativa e propagandística deste libro queda patente na conclusión dos milagres, xa que a cada persoa que acuda a Santiago en demanda de calquera clase de auxilio ou axuda, sempre lle serán concedidos grazas á intervención do apóstolo.

Como et por que maneira está edificada a igreya de Santiago

A cidade de Compostela está ontre dous ríos, os quaes un ha nome Saar et o outro Sarela. Saar está contra oriente ontre Monte Goyo et a cidade, et Sarela contra oucidente ontre Monte Pedroso et a cidade.

As entradas et as portas son septe: a primeira entrada he a porta do Camino Francés, a segunda he a porta da Pena, et a terceira he a porta de Fageiras que vai para Padrón, et a quinta a porta da Mámoa, et a seista he a porta de San Francisco, et a séptima he a porta de Macarelas por u entra o precioso vino aa çidade de Santiago.

Mirages de Santiago

A xulgar polas varias mencións en documentos medievais de distinto tipo, debeu de ter unha gran circulación o *Flos Sanctorum*, pero só conservamos un fragmento en galego nun códice do século XV. Esta obra haxiográfica é, por exemplo, unha das fontes de vidas exemplares empregada para a redacción dos *Mirages de Santiago*, como se di no propio texto:

Et esta estoria que oydes vos contamos aquí segundo conta o libro do *Flors Sanctorum*, onde foy sacado de latín en rromanço, que perteesçe moyto a esta estoria.

Obras de carácter histórico

As obras de carácter histórico foron elaboradas cunha clara finalidade propagandística ao servizo do poder establecido. A diferenza que teñen coas obras históricas actuais é que aquelas, ademais dos datos históricos, intercalaban elementos fantásticos, lendarios ou novelescos, que as aproximan á prosa de ficción. Por outra banda, o gusto polo detalle pormenorizado, o realismo co que se describen algunhas accións e o diálogo de certas secuencias remiten máis a unha historia 'para ser oída' antes ca unha historia 'para ser lida', tal como se entende na actualidade.



Os textos máis importantes conservados son a *Crónica Xeral Galega*, a *Xeral Historia* e a *Crónica de Santa María de Iria*.

- A *Crónica Xeral Galega* é unha obra de capital importancia na historiografía galega pola súa antigüidade (de entre 1295 e 1312), e polo seu valor lingüístico e literario. Cun excelente dominio da prosa, ofrece o relato dunha historia viva, que recolle lendas, relatos orais e cantares de xesta referentes a personaxes históricos ou imaxinarios aos que se lles dá consideración de reais. Está na base da *Crónica Xeral de 1414*, que pretendía ser unha compilación da historia de España.

- A *Xeral Historia* é unha tradución, feita no primeiro terzo do século XIV, da historia universal elaborada na corte de Afonso X. Debemos ter en conta que “traducir” na Idade Media non posúe o mesmo valor que na actualidade. Pois esas versións gozan de enorme liberdade respecto aos modelos nos que se basean, son auténticas recreacións arredor dun tema, que, xeralmente, é común a outras moitas literaturas europeas desa mesma altura.


- A *Crónica de Santa María de Iria* é unha obra do século XV, escrita polo clérigo Rui Vázquez. A intención do autor era facer unha exaltación da igrexa de Santa María de Iria (Padrón), onde, segundo relata, desembarcaron o corpo de Santiago para ser levado a Compostela. Ademais tamén fai un estudo das distintas etapas da humanidade, unha enumeración dos bispos de Iria e unha biografía do arcebispo Xelmírez, a quen dedica toda a segunda parte do libro. Como é usual nesta clase de textos, os datos históricos están mesturados coa descrición de feitos fantásticos, que para un lector moderno resultan os máis interesantes.

Obras de carácter técnico

Estas obras carecen de interese literario, pero posúen un importante valor lingüístico. Destaca a seguinte:



- O *Tratado de Albeitaría* é unha tradución ao galego, feita a comezos do século XV, dunha obra escrita en latín, que trataba sobre a cría e enfermidades dos cabalos. Á parte do seu valor como libro de veterinaria, o tratado interésanos por ser unha das poucas obras científicas en galego medieval e polas moitas palabras especializadas que por primeira vez se documentan nesta lingua: *estrangullo* ('obstrución na garganta que non deixa respirar'), *olivas* ('vulto entre o colo e a cabeza'), *pulmoeira* ('enfermidade pulmonar'), *mormo* ('enfermidade da cabeza'), *encravadura* ('ferida producida por un cravo da ferradura')...



Crónica Geral de Espanha (1344).
Atribuída ao Conde de Barcelos e da que só se conserva o texto traducido ao castelán.

Obras de carácter xurídico

A finalidade destas obras era dar a coñecer normas e feitos polos que se debía rexer ou gobernar a vida da comunidade á que ían dirixidas.


Consérvanse algúns fragmentos das seguintes obras traducidas:

- As *Sete Partidas*, que en Galicia debeu ter unha ampla difusión como texto xurídico, foi redactado, entre 1256 e 1265, polos colaboradores de Afonso X para uso dos xuíces e lexisladores do seu reino.
- O *Foro Real* tamén o mandou elaborar Afonso X para unificar leis existentes no seu reino. A tradución galega é de finais do século XIII ou principios do XIV, e ten características lingüísticas do galego do Bierzo.



As Sete Partidas

- As *Flores de Derecho* é un compendio das leis máis importantes do Dereito romano. O fragmento conservado da tradución ao galego tamén contén as características do galego berciano.
- O *Ordenamento de Alcalá de 1348* é un texto que contén as normas xurídicas que se debían aplicar no reino de Afonso XI. O fragmento conservado en galego é da segunda metade do XIV ou de principios do XV.



A estes textos hai que lles engadir a rica documentación xurídica conservada, entre a que se atopan foros particulares dados a diferentes vilas ou cidades, ordenamentos gremiais, libros de propiedades e tenzas, demandas de rendas impagadas, preitos, actas, etc. A pesar de non teren ningún interese literario, son documentos moi valiosos para coñecer a lingua, os costumes e a organización social de Galicia na Idade Media.

O teatro e os espectáculos medievais

Aínda que non quedan textos do teatro galego na Idade Media, é posible que houbera algún tipo de representacións dramáticas, como se deduce de factores de índole social e cultural tales como:

- A existencia dun drama litúrxico en latín (forma embrionaria de teatro) en Europa e no territorio peninsular, pero que en Galicia non se sabe que tivese vixencia.
- A presenza de elementos dramáticos nos xéneros líricos: cantigas de amigo e de amor, tenzóns, bailadas...





Baile das penlas (Redondela)

- A noticia de espectáculos con mimos e recitado de xogres acompañados de soldadeiras.
- A supervivencia dalgunhas representacións de carácter relixioso, coma as vinculadas coa festividade do Corpus: as *cocas* e o baile das *penlas*, que aínda se celebran en Redondela, e que a Igrexa cristianizou conferíndolles un sentido simbólico de adoración a Cristo.

As razóns que explican a ausencia de textos poden ser:

- De tipo histórico, porque cando aparece o teatro nas distintas linguas romances, o galego xa non é lingua de uso literario, por estar Galicia asimilada á coroa de Castela.
- De tipo relixioso, porque a Igrexa e, sobre todo, a orde de Cluny, asentada en Galicia desde o século XII, eran contrarias a este tipo de espectáculos.
- De tipo material, porque os textos destinados á representación dificilmente estarían en soportes perdurables.